# CURIOSIDADES CIENTÍFICAS



·Os nenos e nenas de 3º de Primaria estamos nunha idade na que nos interesan moitas cousas do mundo que nos rodea. Facemos investigacións e descubrimos coñecementos curiosos.

Aquí van algúns que queremos compartir con vós.

·O baobab chámase a «árbore botella» porque, cando chove, o seu tronco énchese de auga.

·A cría que ten a mellor mamá é a do gorila, pois a súa nai cóidaa e aliméntaa durante tres anos.

·Os camelos viven en Asia e teñen dúas lombas. Os dromedarios viven en África e só teñen unha lomba.



·Un palíndromo é unha frase que se le igual ao dereito que ao revés.

«NADA, YO SOY ADÁN»

·Caligrafía significa "escritura fermosa".

• Se nos desorientamos nun bosque, miraremos para a cortiza das árbores: a vexetación sempre medra máis na cara orientada ao norte.



• Esquimó significa «comedor de carne crúa».

• Internet inventouse en 1969.
O teléfono móbil inventouse en 1979.

• Unha mosca pode chegar a voar a unha altura de 1.200 metros e as pombas a unha velocidade de 72 quilómetros por hora.

• A escritura chinesa utiliza uns 50.000 símbolos diferentes. Afortunadamente, os escolares soamente teñen que aprender uns 5.000.

• A lura ten dez tentáculos, dous máis que o seu parente, o polbo.

• Algúns barcos petroleiros son tan largos que a súa tripulación desprázase por eles en bicicleta.



• O músculo co nome máis longo está no pescozo. Chámase esternocleidomastoideo.